

O Concello de Arteixo publica as bases e modelos de inscrición para os concursos de Entroido 2020, aprobadas por Resolución nº 168/2020 o 30/01/2020.

CONCURSO INFANTIL DE ENTROIDO 2020

DATA: domingo, 23 de febreiro.

HORA: 17:30 h.

LUGAR: Pazo dos Deportes.

BASES:

1ª) Poderán concursar todos os menores de 16 anos que se inscriban no SM de Cultura (Centro Cívico Cultural de Arteixo, paseo fluvial s/n) ata ás 14.00 h do día 14 de febreiro do ano que andamos, podendo ampliarse este prazo ata o mesmo día do concurso se así o determina a Organización.

2ª) Establécense as seguintes categorías e premios:

	COMPARSAS (de 6 ou máis integrantes)	GRUPOS (de 2 a 5 integrantes)	INDIVIDUAIS
1º Premio	120,00 €	80,00 €	50,00 €
2º Premio	100,00 €	70,00 €	40,00 €
3º Premio	90,00 €	60,00 €	30,00 €

3ª) Nos colectivos só estará permitida a subida ao escenario dos menores de 16 anos.

4ª) A inscrición deberá realizarse nunha única modalidade. Non se admitirá a participación en distintas modalidades co mesmo disfrace.

5ª) O tempo máximo de permanencia no escenario será de 5 minutos para aquelas agrupacións que presenten coreografías, sketches, coplas, etc.

6ª) O xurado estará presidido pola concelleira de cultura ou a persoa en quen delegue, e constituído por 2 membros de recoñecida solvencia e 1 secretario/a, con voz e sen voto, que levantará acta.

7ª) Os criterios de valoración serán a orixinalidade da idea, os materiais de elaboración do vestiario, a construción artesanal xunto coa súa complexidade e acabados, así como a graza para o seu porte e as coreografías que presenten, que serán puntuados do seguinte xeito: 0 puntos: carece; 1 punto: malo; 2 puntos: regular e 3 puntos: bo. A suma total de cada criterio e da totalidade dos membros do xurado establecerá a orde dos premios. No caso de empate decidirá a presidencia do xurado.

8ª) Os premios entregaranse rematado o pase dos participantes polo escenario. Para o seu pagamento é indispensable asinar a Declaración Responsable da inscrición.

9ª) O ditame do xurado será inapelable, quen resolverá calquera circunstancia non prevista nestas bases. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios e destinar o seu importe a outra modalidade en calidade de accésit.

10ª) As bases e as solicitudes poderán recollerse no Centro Cívico Cultural de Arteixo. A inscrición no concurso levará implícita a aceptación das presentes bases.

FOLLA DE INSCRICIÓN NO CONCURSO INFANTIL DE ENTROIDO 2020

D./Dna. _____
tfno.: _____ e-mail _____
endereço _____
inscribe a _____ con idade _____
no Concurso Infantil que organiza o Concello de Arteixo o domingo, día 23 de febreiro, na seguinte modalidade (sinalar onde proceda):

INDIVIDUAL

- DENOMINACIÓN DO DISFRAZ: _____

GRUPO

- DENOMINACIÓN DO GRUPO: _____
- Nº DE INTEGRANTES: _____

COMPARSA

- DENOMINACIÓN DA COMPARSA _____
- Nº DE INTEGRANTES: _____

Ademais, fai constar que achegará (sinalar o que corresponda):

MÚSICA GRAVADA

SI NON
 CD PEN DRIVE
 DURACIÓN (en minutos)

OUTRO/S ELEMENTO/S SALIENTABLES (relacionar a continuación _____)

De conformidade co disposto nas bases do Concurso Infantil do Entroido 2020 en Arteixo DECLARO, baixo a miña responsabilidade, que o asinante e/ou a asociación que representa, os seus administradores e representantes, reúnen todos os requisitos previstos nas Bases reguladoras e non se atopan incursos en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario do premio establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. Así mesmo, declaro que o asinante e/ou a asociación que representa, os seus administradores e representantes, atópanse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Arteixo.

Arteixo, de de 2020

(sinatura)

Nome, apelidos, DNI do asinante e selo da entidade (se procede)

CONCURSO DE CARROZAS 2020

DATA: martes, 25 de febreiro.

CONCENTRACIÓN PARTICIPANTES: Avda. de Fisterra (16:45 – 17:15 h) ou lugar que decida a organización no caso de que as condicións de seguridade ou meteorolóxicas non permitan a realización nese lugar.

SAÍDA: 17:30 h. A falla de puntualidade será causa de descualificación.

BASES:

- 1ª) Poderán tomar parte todas as persoas (físicas ou xurídicas) que previamente entreguen a súa inscrición no SM de Cultura, antes das 14:00 h do día 14 de febreiro de 2020, e se comprometan a presentar unha carroza e asistir ao desfile que discorrerá dende a Avda. de Fisterra ata o Campo da Festa. Para poder acceder a calquera dos premios é necesario facer o percorrido completo do desfile. Será decisión da organización admitir a participación de carrozas inscritas fóra de prazo, tendo en conta o número de concursantes nesta modalidade.
- 2ª) Considerarase carroza unha estrutura de grandes dimensións sobre rodas, ben sexa empurrada, remolcada ou autopropulsada mediante motores ou calquera outro sistema mecánico de tracción, confeccionada para o efecto e convenientemente deseñada e decorada acorde coa denominación do grupo que a acompaña e carente de materiais perigosos ou inflamables. Valorarase positivamente que a cabina ou elemento de tracción garde harmonía coa ornamentación da carroza. Non poderán inscribirse como “carrozas” os turismos particulares decorados.
- 3ª) Por motivos de seguridade as carrozas non deberán exceder as seguintes medidas: 4 m de alto, 2,50 m de ancho e 13 m de longo, incluído o vehículo de arrastre. As que incumpran estas medidas poderán ser excluídas do desfile e descualificadas no concurso. No caso de que se produzan danos a bens ou a persoas durante a construción, organización e/ou posterior desenvolvemento do desfile de carrozas, a responsabilidade que se derive será asumida solidaria e integramente polos inscritos como participantes no concurso. As carrozas deberán cumprir o esixido no anexo que se xunta e respectar a normativa de seguridade aplicable. Os seus integrantes coidarán, xunto co persoal de seguridade e organización, de que ninguén se achegue a elas durante o percorrido polas rúas.
- 4ª) Os premios, suxeitos as retencións que a lexislación vixente establece na materia, serán os seguintes:
 - Primeiro: 1.200,00 €
 - Segundo: 850,00 €
 - Terceiro: 600,00 €
 - Accésits: 150,00 €
- 5ª) Existirán 10 accésits que serán outorgados a aquelas carrozas que, segundo o criterio do xurado, presenten unha elaboración debidamente coidada e non acadaran premio.
- 6ª) O xurado estará presidido pola concelleira de cultura ou persoa en quen delegue e constituído por 2 membros de recoñecida solvencia e 1 secretario/a, con voz e sen voto, que levantará acta.

7ª) O xurado deliberará e emitirá o seu ditame ao finalizar o concurso, para o que terá en conta a singularidade da carroza, os materiais de elaboración, a construción artesanal xunto coa súa complexidade e acabados e a concordancia coa comparsa que a acompaña. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios e o seu importe poderao destinar a outra modalidade en calidade de accésit. A súa resolución será inapelable.

8ª) Cada criterio de valoración será puntuado do seguinte xeito: 0 puntos: carece; 1 punto: malo; 2 puntos: regular e 3 puntos: bo. A suma total de cada criterio e da totalidade dos membros do xurado establecerá a orde dos premios. No caso de empate decidirá a presidencia do xurado.

9ª) Os participantes deberán cumprir coas medidas de seguridade indicadas nestas bases e coas que lle comunique a organización ou os servizos de seguridade o día do concurso, e son responsables dos danos que puideran causar no seu transcurso, eximindo de responsabilidade ao Concello de Arteixo, polo que deberán contar cun seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos da actividade.

10ª) As bases e as solicitudes poderán recollerse no Centro Cívico Cultural. A participación neste concurso leva implícita a aceptación das presentes bases.

ANEXO ÁS BASES DO CONCURSO DE CARROZAS 2020

CABEZA TRACTORA:

- Cada carroza contará cun tractor ou medio de locomoción que o remolque durante o percorrido. En caso de camión-carroza, non será necesario outro vehículo para remolcar.
- Estes vehículos a motor deberán contar con: permisos de circulación, de inspección técnica (ITV) e os seguros correspondentes, baixo a responsabilidade das persoas que figuren como inscritos.
- Os choferes deberán contar co permiso de conducir apropiado para cada vehículo, que deberá estar en vigor na data do evento. Os condutores cumprirán o establecido no RD 2822/1998 (Regulamento xeral de condutores). Prohíbese o consumo de bebidas alcohólicas e drogas. Por motivos de seguridade, a Policía Local poderá realizar controis de alcoholemia e/ou drogas, segundo a lexislación vixente.
- Os vehículos de arrastre deberán ter cheo o depósito de combustible para evitar problemas durante o percorrido.

REMOLQUES – CARROZAS:

- As medidas máximas serán dun longo non superior aos 8 metros (13 con vehículo de arrastre), dun ancho non superior aos 2,5 metros e dun alto non superior a 4 metros. En ningún caso se poderán exceder as medidas establecidas.
- Non deberán posuír elementos cortantes e deberán contar con faldróns que protexan e oculten as rodas.
- Os elementos con puntos de ancoraxe automáticos serán facilmente desmontables e non poderán sobresaír dos laterais.
- O decorado será de material ignífugo.
- Os equipos de son e de luz terán que ir protexidos e ocultos. Débese evitar utilizar iluminación mediante velas, petróleo, gas ou calquera outro tipo de combustible.
- Aquelas carrozas que precisen de grupo electrógeno, deberán protexelo de golpes e inclemencias meteorolóxicas. O seu combustible non poderá transportarse na carroza, Por motivo de seguridade non se permitirá a súa reposición ou levar un grupo de reserva.

XERAIS:

- Segundo a normativa vixente, cada carroza deberá dispoñer dun extintor de polvo polivalente 6Kg ABC, eficacia mínima 21A-113B situado nun lugar de fácil acceso.
- Evitarase a utilización de dispositivos lanza lapas e pirotecnia.
- Deberán subscribir unha Declaración Responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no art. 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo modelo que se xunta.

FOLLA DE INSCRIPCIÓN CONCURSO DE CARROZAS 2020

DENOMINACIÓN DA CARROZA _____

DISFRACE _____

LUGAR DE PROCEDENCIA: _____

REPRESENTANTE: _____ DNI: _____

ENDEREZO: _____

TELÉFONO _____ E-MAIL _____

ENTIDADE A QUE REPRESENTA: _____

NÚMERO DE PERSOAS QUE A ACOMPAÑA : _____

DESCRIPCIÓN E MEDIDAS DA CARROZA E ACCESORIOS :

Vehículos que a compoñen	MEDIDAS VEHÍCULOS	Lonxitude	Altura	Ancho	motor	
Nº	Vehículo a				si	non
	Vehículo b					
	Vehículo c					
	Vehículo d					

OBSERVACIÓNS:

Arteixo, de de 2020

(sinatura)

Nome, apelidos, DNI do asinante e selo da entidade (se procede)

IMPORTANTE: Con esta inscrición deberá achegarse a correspondente DCB (designación de conta bancaria), cuberta e asinada polo representante e a entidade bancaria, e a DR (declaración responsable) debidamente cuberta. Ademais, o DNI ou o CIF das persoas físicas ou xurídicas solicitantes, segundo proceda, e o documento acreditativo da representación, respecto da persoa que formule a solicitude, no caso de persoas xurídicas.

A presentación da documentación requirida é condición indispensable para admitir a solicitude de participación no concurso.

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA CARROZAS

D./Dna. _____ con NIF _____
tfno.: _____ e-mail _____
endereço _____
localidade _____ provincia _____
en representación da carroza inscrita co nome de _____

De conformidade co disposto nas bases do Concurso de Carrozas do Entroido 2020 en Arteixo e coas especificacións que se recollen a continuación, presento esta **DECLARACION RESPONSABLE** nos seguintes termos:

- Declaro, baixo a miña responsabilidade, que o asinante e/ou a asociación que representa, os seus administradores e representantes, reúnen todos os requisitos previstos nas Bases reguladoras e non se atopan incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario do premio establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. Así mesmo, declaro que o asinante e/ou a asociación que representa, os seus administradores e representantes, atópanse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Arteixo.
- Declaro, baixo a miña responsabilidade, cumprir cos requisitos técnicos e en materia de seguridade e salubridade na execución da carroza que se está a presentar a este concurso, que o/os vehículo/s que se utilizan na carroza cumpren coa normativa vixente de circulación de vehículos pola vía pública e que dispoñen da documentación obrigatoria de conformidade coa normativa vixente, así como de extintores e de caixas de primeiros auxilios durante toda a actividade.
- Declaro responsablemente que cumprimos e temos en vigor o seguro de responsabilidade civil consonte ao apartado 3 da disposición terceira da Lei 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas da Xunta de Galicia, que establece un importe mínimo de 150.000,00 €

Arteixo, de de 2020

(sinatura)

Nome, apelidos, DNI do asinante e selo da entidade (se procede)

ADVIRTESELLE QUE: segundo o art. 69 bis da Lei 39/2015, do 1 de outubro, reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas, a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a comunicación previa ou a non presentación diante da Administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houber lugar. Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar o deber do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao comezo da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo dado, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación

CONCURSO DE COMPARSAS 2020 (mínimo 8 integrantes maiores de 16 anos)

DATA: martes, 25 de febreiro.

CONCENTRACIÓN PARTICIPANTES: Avda. de Fisterra (16:45-17:15 h) ou lugar que decida a organización no caso de que as condicións de seguridade ou meteorolóxicas non permitan a realización nese lugar.

SAÍDA: 17:30 h. A falla de puntualidade será causa de descualificación.

BASES

- 1ª) Poderán tomar parte todas as persoas (físicas ou xurídicas) que previamente entreguen a súa inscrición no SM de Cultura, antes das 14:00 h do día 14 de febreiro de 2020, e se comprometan a asistir ao desfile que discorrerá dende a Avda. de Fisterra ata o Campo da Festa e a realizar un pase polo escenario.
- 2ª) A orde de actuación será determinada pola Organización.
- 3ª) Entenderase por comparsa un mínimo de 8 persoas adultas con disfraces que teñan relación entre si e que realicen unha breve coreografía, escenificación, interpretación musical ou humorística no escenario. No caso de participar menores de 16 anos, estes non poden superar o 50% do número total de integrantes da comparsa no seu pase polo escenario, sendo causa de descualificación o incumprimento da norma. No momento da inscrición se presentará o DNI dos participantes menores.
- 4ª) As comparsas que concursan polo premio á mellor copla deberán entregar a letra xunto coa folla de inscrición.
- 5ª) Os premios, suxeitos as retencións oportunas do IRPF, serán os seguintes:

- Primeiro:	1.150,00 €
- Segundo:	800,00 €
- Terceiro:	550,00 €
- Premio á mellor copla:	300,00 €
- Accésits	100,00 €
- 6ª) Existirán 10 accésits que serán outorgados a aquelas comparsas (nunha soa modalidade) que, segundo criterio do xurado, presenten unha coidada elaboración do vestiario e da escenificación ou presenten coplas acordes co espírito do Entroido e fagan unha correcta interpretación, sempre que non acadaran premio.
- 7ª) O tempo máximo de permanencia no escenario será de 5 minutos para o espectáculo coreográfico ou musical. Non poderá utilizarse ningunha sustancia que poida ser inflamable ou perigosa durante a actuación.

- 8ª) O xurado estará presidido pola concelleira de cultura ou persoa en quen delegue, e composto por 2 membros de recoñecida solvencia e 1 secretario/a, con voz e sen voto, que levantará acta.
- 9ª) O ditame darase a coñecer unha vez finalizado o pase dos participantes polo escenario. O ditame do xurado será inapelable, quen resolverá calquera circunstancia non prevista nestas bases. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios e o seu importe poderase destinar a outra modalidade en calidade de accésit.
- 10ª) Para a modalidade de vestiario e coreografía se terá en conta a orixinalidade da idea, os materiais de elaboración do vestiario, a construción artesanal xunto coa súa complexidade e acabados, así como a graza para o seu porte e as coreografías que presenten e para a modalidade de copla se terá en conta a simpatía e agudeza das letras, a natureza da composición musical (orixinal ou non), a correcta execución da interpretación musical e a afinación e o axuste do conxunto coral.
- Cada criterio de valoración será puntuado do seguinte xeito: 0 puntos: carece; 1 punto: malo; 2 puntos: regular e 3 puntos: bo. A suma total de cada criterio e da totalidade dos membros do xurado establecerá a orde dos premios. No caso de empate decidirá a presidencia do xurado.
- Para o pagamento dos premios é indispensable asinar a Declaración Responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no art. 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo modelo que se xunta.
- 11ª) Os participantes deberán cumprir coas medidas de seguridade indicadas nestas bases e coas que lle comunique a organización ou os servizos de seguridade o día do concurso, e son responsables dos danos que puideran causar no seu transcurso eximindo de responsabilidade ao Concello de Arteixo, polo que todos os participantes deberán dispoñer de seguro de asistencia sanitaria ante calquera incidente que poida xurdir durante a celebración da actividade.
- 12ª) As bases e as solicitudes poderán recollerse no Centro Cívico Cultural de Arteixo. A participación neste concurso leva implícita a aceptación das presentes bases.

FOLLA DE INSCRIPCIÓN COMPARSAS 2020

DENOMINACIÓN DA COMPARSA: _____

DISFRACE: _____

LUGAR DE PROCEDENCIA: _____

REPRESENTANTE: _____ DNI: _____

ENDEREZO: _____

TELÉFONO: _____ E-MAIL: _____

ENTIDADE Á QUE REPRESENTA: _____

NÚMERO DE COMPOÑENTES: _____ MENORES 16 _____

TÍTULO DAS COPLAS A INTERPRETAR (máximo 2):

1º _____ Achégase letra

2º _____ Achégase letra

OBSERVACIÓNS:

De conformidade co disposto nas bases do Concurso de Comparsas do Entroido 2020 en Arteixo DECLARO, baixo a miña responsabilidade, que o asinante e/ou a asociación que representa, os seus administradores e representantes, reúnen todos os requisitos previstos nas Bases reguladoras e non se atopan incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario do premio establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. Así mesmo, declaro que o asinante e/ou a asociación que representa, os seus administradores e representantes, atópanse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Arteixo.

Arteixo, de de 2020

(sinatura)

Nome, apelidos, DNI do asinante e selo da entidade (se procede)

IMPORTANTE: Con esta inscrición deberá achegarse a correspondente DCB “designación de conta bancaria”, cuberta e asinada polo representante e a entidade bancaria, e a DR (declaración responsable) asinada que inclúe este impreso. Ademais o DNI ou o CIF das persoas físicas ou xurídicas solicitantes, segundo proceda, e o documento acreditativo da representación, respecto da persoa que formule a solicitude, no caso de persoas xurídicas.

A presentación da documentación requirida é condición indispensable para admitir a solicitude de participación no concurso.

CONCURSO DE DISFRACES DE ADULTOS 2020 (individuais e colectivos de menos de 8 persoas)

DATA: martes, 25 de febreiro.

CONCENTRACIÓN PARTICIPANTES: Avda. de Fisterra (16:45 – 17:15 h) ou lugar que decida a organización no caso de que as condicións de seguridade e/ou meteorolóxicas non permitan a realización nese lugar.

SAÍDA: 17:30 h

BASES

- 1ª) Poderán tomar parte no concurso todas as persoas disfrazadas a partir de 16 anos que se anoten e desfilen polo escenario, sen necesidade de inscrición nos días previos.
- 2ª) Poderase participar nunha única modalidade: individual ou colectiva.
- 3ª) Non poderán participar nesta modalidade os membros das comparsas concursantes utilizando o mesmo disfrace.
- 4ª) No caso de participar menores, estes non poden superar o 50% do número total de integrantes do colectivo no escenario, sendo causa de descualificación e podendo ser solicitado o DNI correspondente.
- 5ª) A todos os disfraces se lles fará entrega dun número que deberán exhibir para ser identificados polo xurado no momento do pase polo escenario.
- 6ª) Establécense os seguintes premios:
 - a. Primeiro: 90,00 €
 - b. Segundo: 60,00 €
 - c. Terceiro: 30,00 €

Para o pagamento dos premios é indispensable asinar a Declaración Responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no art. 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo modelo que se xunta.

- 7ª) O xurado estará presidido pola concelleira de cultura ou persoa en quen delegue e constituído por 2 membros de recoñecida solvencia, e 1 secretario/a, con voz e sen voto, que levantará acta.
- 8ª) O ditame darase a coñecer unha vez finalizado o pase dos participantes polo escenario, para o que se terá en conta a orixinalidade da idea, os materiais de elaboración do vestiario, a construción artesanal xunto coa súa complexidade e

acabados, así como a graza para o seu porte e as coreografías que presenten. O ditame do xurado será inapelable, quen resolverá calquera circunstancia non prevista

nestas bases. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios e o seu importe poderase destinar a outra modalidade en calidade de accésit.

9ª) Cada criterio de valoración será puntuado do seguinte xeito: 0 puntos: carece; 1 punto: malo; 2 puntos: regular e 3 puntos: bo. A suma total de cada criterio e da totalidade dos membros do xurado establecerá a orde dos premios. No caso de empate decidirá a presidencia do xurado.

10ª) O xurado poderá outorgar o premio especial de “Choqueiro” a calquera concursante disfrazado en calquera modalidade que sen utilizar traxes comercializados fai uso da súa propia inventiva e atavíos convencionais para resultar extrafalario. O premio consistirá nun lote de Entroido composto por un mini lacón, unha restra de chourizos e grelos.

Para o pagamento dos premios é indispensable asinar a Declaración Responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no art. 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo modelo que se xunta.

11ª) Os participantes deberán cumprir coas medidas de seguridade indicadas nestas bases e coas que lle comunique a organización ou os servizos de seguridade o día do concurso, e son responsables dos danos que puideran causar no seu transcurso eximindo de responsabilidade ao Concello de Arteixo.

12ª) As bases e as solicitudes poderán recollerse no Centro Cívico Cultural de Arteixo. A participación neste concurso leva implícita a aceptación das presentes bases.

FOLLA DE INSCRIPCIÓN CONCURSO DE DISFRACES DE ADULTOS 2020

DENOMINACIÓN DO DISFRACE: _____

LUGAR DE PROCEDENCIA: _____

NOME DO PORTADOR/A DO DISFRACE: _____

_____ DNI: _____

ENDEREZO: _____

TELÉFONO: _____ E-MAIL _____

NÚMERO DE INTEGRANTES: _____

OBSERVACIÓNS: _____

Arteixo, de de 2020

(sinatura)

De conformidade co disposto nas bases do Concurso de Adultos do Entroido 2020 en Arteixo DECLARO, baixo a miña responsabilidade, que o asinante e/ou a asociación que representa, os seus administradores e representantes, reúnen todos os requisitos previstos nas Bases reguladoras e non se atopan incursos en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario do premio establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. Así mesmo, declaro que o asinante e/ou a asociación que representa, os seus administradores e representantes, atópanse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Arteixo.

Arteixo, de de 2020

(sinatura)

Nome, apelidos, DNI do asinante e selo da entidade, se procede.

IMPORTANTE: Con esta inscrición deberá aportarse a correspondente “folla de designación de conta bancaria” cuberta e asinada polo representante e a entidade bancaria.

OBSERVACIÓNS XERAIS PARA TODAS AS MODALIDADES

- 1ª) A Concellaría de Cultura resérvase o dereito de alterar ou modificar, se fose necesario, o desenvolvemento, lugar, data e hora dos actos.
- 2ª) O incumprimento das bases leva implícito a retirada dos premios que puideran corresponder.
- 3ª) Se as condicións meteorolóxicas fosen adversas para o desenvolvemento do desfile, o Concello adoptará as mellores medidas para a seguridade dos participantes, incluso a suspensión da totalidade ou parte do evento.
- 4ª) A convocatoria exporase nos taboleiros de anuncios e na páxina web municipal, sen prexuízo doutros medios de difusión previstos na lexislación vixente.
- 5ª) Os participantes nos concursos autorizan ao Concello de Arteixo a tomar e publicar fotografías e vídeos nos que puidera aparecer a súa imaxe, co fin de difundir as actividades de Entroido.
- 6ª) As subvencións e premios que se concedan con cargo á presente convocatoria, atópanse suxeitas ao establecido nesta convocatoria, así como na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Arteixo, que terán o carácter de Bases reguladoras.